

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 19 DE XULLO DE 2017

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 13:10 horas do día 19 de xullo de 2017, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 17 de xullo, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D. David Regádes Fernández

Vocais: D^a. Margarita Parajó
D. Manuel Xose Penela
D. Alberto Escariz Couso
Dna. María José Caride Estévez (asiste ao punto 1.f)
D. Antonio Vivero Mijares (asiste aos puntos 1.f e 4)
D. Luis García Álvarez (asiste ao punto 8)
D. José Angel Otero (asiste aos puntos 6)
D. Pedro M^a Vázquez (asiste ao punto 11)
D. Luis Rodríguez Cadarso (asiste ao punto 15)

Secretaria: D^a. Beatriz Barbará Rodríguez

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Aprobación de actas

- a) **Acta da sesión do 3 de xullo de 2017**
Retírase por falta de quórum para a súa aprobación.
- b) **Acta da sesión do 4 de xullo de 2017 ás 9:30 horas**
Retírase por falta de quórum para a súa aprobación.
- c) **Acta da sesión do 4 de xullo de 2017 ás 12:00 horas**
Retírase por falta de quórum para a súa aprobación.
- d) **Acta da sesión do 6 de xullo de 2017**
Retírase por falta de quórum para a súa aprobación.
- e) **Acta da sesión do 10 de xullo de 2017**
Retírase por falta de quórum para a súa aprobación.



f) **Acta da sesión do 14 de xullo de 2017**

Apróbase a acta da sesión do 14 de xullo de 2017 cos votos de Dna. M^a José Caride Estévez, D. Alberto Escariz Couso e D. Antonio Vivero Mijares.

4.- Apertura económica

a) **Procedemento aberto para a contratación dos servizos de estacionamento regulado e controlado na vía pública mediante parquímetros (90514-210)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s do/s licitador/es. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

En acto público abriuse o Sobre C “proposición avaliable mediante fórmula” dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitadores	% de redución do presuposto de gastos do servizo previsto no estudio económico financeiro do contrato	% de retribución do concesionario sobre a fixada na cláusula 6	% de redución dos importes de custe praza/día previstos no económico financeiro do contrato	Nº turismos e vehículos destinados ao transporte de persoas	Nº vehículos destinados ao transporte de mercancías (< 3.500 kg)	Nº Motocicletas
1	DORNIER, S.A.	31%	0%	95%	1	2	1
2	UTE GERTEK, SOCIEDAD DE GESTIONES Y SERVICIOS SA-ACCIONA SMART CITY SERVICES, S.L.	EXCLUIDA	EXCLUIDA	EXCLUIDA	EXCLUIDA	EXCLUIDA	EXCLUIDA
3	ESTACIONES Y SERVICIOS SAU	15,73%	0%	18%	2	2	2
4	SABA APARCAMIENTOSSA	EXCLUIDA	EXCLUIDA	EXCLUIDA	EXCLUIDA	EXCLUIDA	EXCLUIDA
5	UTE ESTACIONAMIENTOS VIGO IBERPARK S A - INGESER ATLANTICA S L	7,21%	0%	72,30%	1	1	2
6	UTE INDIGO PARK ESPAÑA, SA EQUIPOS DE SEÑALIZACIÓN Y CONTROL SA - API MOVILIDAD S.A.	2,7%	50%	75,4%	0	0	4
7	AUSSA APARCAMIENTOS	0%	0%	78,04%	0	1	2



Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



	URBANOS SERVICIOS SISTEMAS.	Y					
8	SETEX-APARKI, S.A.	13,32%	0%	67,94%	2	1	2

A mercantil SETEX-APARKI, S.A. declara confidencial o plan económico-financiero.

Asisten á apertura:

- D. Juan Manuel Martínez Martínez, en representación da UTE INDIGO-ESYCSA-API.
- Dna. Alicia Bolívar Pérez, en representación da UTE ACCIONA SMART CITY SERVICES-GERTEK, S.A.
- D. Daniel Ortega González, en representación de INGESER ATLANTICA, SL.
- D. Carlos Alberto Baña Neira, en representación de DORNIER, SA.
- D. Luis Ponte Herranz, en representación de SETEX.
- D. Francisco Algarra Casamayor, en representación de EYSA.
- D. Julio Fernández Collazo, en representación dos traballadores da XER.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

6.- Dar conta da existencia de ofertas con valores anormais ou desproporcionados

- a) **Procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción do proxecto das obras de humanización da Estrada provincial EP-2001 Calvario-A Garrida. Tramo Igrexa de Beade A Garrida (PO 330), Lugar de Porto (4.472-440)**

Entrégase o informe asinado polos Xefes do Servizo Administrativo e Control Orzamentario/ Responsable do Contrato e da Area de Investimentos do 17 de xullo de 2017, sobre as ofertas que conteñen baixas con valores anormais ou desproporcionados. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 152 do TRLCSP co/s licitador/es que se relacionan a continuación por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, concedéndolle/s un prazo de tres días para xustificar a/s súa/s oferta/s:

- CLOTHOS
- UTE ORDENACION TERRITORIAL INFRAESTRUCTURAS E MEDIAMBIENTE SL - EIC DURAN, S.L.
- GOC, S.A.
- URBING PROYECTOS DE URBANISMO E INGENIERIA CIVIL SL



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 18:46	Páxina 3 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA94F-C4D828-4E5H25-3BVRNK-7XEETB-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

b) **Procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción do proxecto das obra de humanización da Estrada provincial EP-2002 Gran Vía - Avenida de Madrid. Rúa Emilia Pardo Bazán, entre Gran Vía e Avenida Arquitecto Palacios (4.513-440)**

Entrégase o informe asinado polos Xefes do Servizo Administrativo e Control Orzamentario/ Responsable do Contrato e da Area de Investimentos do 17 de xullo de 2017, sobre as ofertas que conteñen baixas con valores anormais ou desproporcionados. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 152 do TRLCSP co/s licitador/es que se relacionan a continuación por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, concedéndolle/s un prazo de tres días para xustificar a/s súa/s oferta/s:

- PROYFE SL
- UTE ORDENACION TERRITORIAL INFRAESTRUCTURAS E MEDIAMBIENTE SL - EIC DURAN, S.L.
- GOC, S.A.

8.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) **Procedemento aberto para a contratación do servizo de colaboración nos procedementos de recadación en período executivo, nos procedementos sancionadores da concellería delegada de mobilidade e seguridade, multas de circulación e liquidacións das taxas practicadas pola retirada e custodia de vehículos no depósito municipal (Expediente 16863-541)**

Este punto retírase da orde do día a petición do responsable do contrato para facer correccións no informe de valoración.

9.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) **Procedemento aberto para a contratación do servizo de colaboración nos procedementos de recadación en período executivo, nos procedementos sancionadores da concellería delegada de mobilidade e seguridade, multas de circulación e liquidacións das taxas practicadas pola retirada e custodia de vehículos no depósito municipal (Expediente 16863-541)**

Este punto retírase da orde do día a petición do responsable do contrato para facer correccións no informe de valoración.

11.- Propostas de adxudicación



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 18:46	Páxina 4 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA94F-C4D828-4E5H25-3BVRNK-7XEETB-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- a) **Procedemento aberto para a contratación dos servizos de mantemento integral das instalacións de calefacción e auga quente sanitaria nos colexios públicos de Vigo (17.563-332)**

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos de mantemento integral das instalacións de calefacción e auga quente sanitaria nos colexios públicos de Vigo (17.563-332)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 29 de xuño de 2017, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificando, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe asinado polo xefe da Área de Servizos Xerais o 19 de xuño de 2017:

1. *SERVICIOS INTEGRALES DE GESTIÓN Y MANTENIMIENTO, S.A. (MANTOTAL)*
2. *IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS, S.L.*

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de mantemento integral das instalacións de calefacción e auga quente sanitaria nos colexios públicos de Vigo (17.563-332) na seguinte orde descendente:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 18:46	Páxina 5 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA94F-C4D828-4E5H25-3BVRNK-7XEETB-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

	Licitador	Puntuación total
1	Comsa Service Facility Management, S.A.U.	100
2	Clece, S.A.	98,11
3	Investigación y Desarrollo del Lérez, S.L.U.	97,82
4	Elecnor, S.A.	84,58
5	Moncobra, S.A.	76,25
6	Ancin Clima, S.A.	69,95
7	Veolia Servicios Norte, S.A.U.	56,69
8	Aine Mantenimiento y Control Integral, S.L.U.	48,26
9	Termocalor Vigo, S.L.	46,97
10	Valoriza facilities, S.A.U.	29,31

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, COMSA SERVICE FACILITY MANAGEMENT, S.A.U. , para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberá acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 6E do Anexo I -FEC- do PCAP.
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 982,00 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, COMSA SERVICE FACILITY MANAGEMENT, S.A.U, o día 30 de xuño de 2017, que presenta a documentación requirida o 13 de xullo de 2017, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 19 de xullo de 2017 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 18:46	Páxina 6 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA94F-C4D828-4E5H25-3BVRNK-7XEETB-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar COMSA SERVICE FACILITY MANAGEMENT, S.A.U, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por COMSA SERVICE FACILITY MANAGEMENT, S.A.U, de acordo có informe de valoración da proposición avaliable mediante fórmula, de data 17 de abril de 2017.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“Adxudicar a COMSA SERVICE FACILITY MANAGEMENT, S.A.U, o procedemento aberto para a contratación dos servizos de mantemento integral das instalacións de calefacción e auga quente sanitaria nos colexios públicos de Vigo, coas seguintes condicións:

- a) ***O prezo total do contrato é de 101.870,92 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 17.680,08 euros.***
- b) ***Incremento de 6.000 euros do importe anual destinado a mantemento correctivo, respecto do mínimo establecido na cláusula 3.3 do PPT***

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

- b) **Procedemento aberto para a contratación da xestión, organización e desenvolvemento dos desprazamentos de escolares do programa**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 18:46	Páxina 7 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA94F-C4D828-4E5H25-3BVRNK-7XEETB-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

educativo municipal de coñecemento da Cidade “Vigo Educa” (18.628-332)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación da xestión, organización e desenvolvemento dos desprazamentos de escolares do programa educativo municipal de coñecemento da Cidade “Vigo Educa” (18.628-332)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 29 de xuño de 2017, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación da xestión, organización e desenvolvemento dos desprazamentos de escolares do programa educativo municipal de coñecemento da Cidade “Vigo Educa” (18.628-332) na seguinte orde descendente:

Licitador	Puntuación
Empresa Estévez Aviión, S.L.	92,65
Autos González, S.L.	92,38
Viajes Melytour, S.L.	91,46
UTE Vda. Domínguez S.L. - Transportes La Unión, S.A. - Autoindustrial, S.L. - Castromil, S.A.	83,53
Autocares La Florida, S.A.	74,93
Empresa Raúl, S.A.	32,21

Segundo.- Requiritr ao licitador clasificado en primeiro lugar, EMPRESA ESTÉVEZ AVIIÓN, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a



Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberá acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 6E do Anexo I -FEC- do PCAP.
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requirit ao citado licitador o aboamento de 1.090,26 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, EMPRESA ESTÉVEZ AVIÓN, S.L., o día 30 de xuño de 2017, que presenta a documentación requirida os días 13 e 14 de xullo, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 19 de xullo de 2017 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar EMPRESA ESTÉVEZ AVIÓN, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 18:46	Páxina 9 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA94F-C4D828-4E5H25-3BVRNK-7XEETB-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por EMPRESA ESTÉVEZ AVIÓN, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 14 de xuño de 2017 e 21 de xuño de 2017, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a EMPRESA ESTÉVEZ AVIÓN, S.L., o procedemento aberto para a contratación da xestión, organización e desenvolvemento dos desprazamentos de escolares do programa educativo municipal de coñecemento da Cidade “Vigo Educa” coas seguintes condicións:

- a) **O prezo total do contrato é de 153.780,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 13.980,00 euros.**
- b) **Sendo o prezo unitario de 77,46 euros por cada viaxe ou desprazamento escolar (ida e volta).**

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

15.- Incidencias

- a) **Procedemento aberto para a contratación da explotación da cafetería e a instalación de máquinas expendedoras de bebidas e sólidos (vending) na Casa do Concello (19.840-240) (Documentación remitida polo Xulgado)**

Infórmase á Mesa da contestación recibida do Xulgado Social no 2 de Vigo en relación co expediente de execución de títulos xudiciais 228/2013 sobre as razóns ou fundamentos xurídicos que motivaron que se procedese a unha condena solidaria das empresas OH VIGO, S.L. e VIGO EVENTOS, S.L. A Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda solicitar informe á Xunta Consultiva de Galicia sobre se OH VIGO, S.L. e VIGO EVENTOS, S.L., empresas unipersoais cuxo socio único e administrador é a mesma persoa, podían ter presentado sendas ofertas neste procedemento.

BBR

Vigo, 19 de xullo de 2017

O presidente da Mesa de Contratación



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 18:46	Páxina 10 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA94F-C4D828-4E5H25-3BVRNK-7XEETB-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



(David Regades Fernández)



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 12/05/2024 18:46

Páxina 11 de 11

ACTAS PERFIL CONTRATANTE

CSV: AEA94F-C4D828-4E5H25-3BVRNK-7XEETB-F1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>